



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE SEGUIMENTO DAS LICITACIÓNS INTERNACIONAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Introdución

Que o IGAPE é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, creada como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, para ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, e ten entre as súas funcións a de desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais e a internacionalización das empresas.

Que a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021-2025, presentada polo IGAPE inclúe na súa liña de actuación 1 a tarefa de poñer a disposición das empresas a “información facilitadora para levar a cabo procesos de internacionalización”, incluíndo nomeadamente unha ferramenta de información sobre licitacións. Un servizo similar foi promovido no pasado pola Xunta de Galicia en colaboración coa CEG cun importante éxito, que lles permitiu ás empresas galegas acceder a contratos internacionais de especial relevancia que superaron os 100 M€.

Que a CEG é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios, a CEG é unha entidade sen ánimo de lucro, de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Desde a súa creación, a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego, é membro da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) e da Confederación Empresarial da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME). Acta de Constitución e Estatutos, que foron depositados segundo a Lei 19/1977, de 1 de abril e o R.D. 873/1977, de 22 de abril, na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.



Que nos últimos anos a CEG colaborou activamente nas iniciativas de desenvolvemento económico e internacionalización de empresas promovidas pola Xunta de Galicia con fondos europeos, como os convenios de transferencia do orzamento para a realización de actividades relacionadas co EURES Transfronteirizo Norte de Portugal-Galicia durante os anos 2018-2019-2020-2021.

Obxecto e xustificación

Que este Instituto ten previsto formalizar coa CEG o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que finaliza o 30 de decembro do 2023 dende a súa firma, e que ten por obxecto instrumentar o desenvolvemento dunha ferramenta dixital que informe ao tecido produtivo galego tanto de procesos públicos de contratación abertos, como de concursos privados de xeito sectorializado:

Que no marco das súas respectivas competencias, e dada a estreita relación de colaboración institucional da Xunta de Galicia coa CEG, acordan poñer a disposición das empresas con centros de traballo en Galicia unha serie de servizos e ferramentas que permitan mellorar a competitividade das empresas e facilitar a súa internacionalización.

1- O IGAPE recoñece á CEG como a institución máis representativa de Galicia no ámbito empresarial e, polo tanto, é a que ten unha maior capacidade de capilaridade de actuación para beneficiar ao maior número de empresas, especialmente pemes e autónomos da comunidade.

3- A actuación baséase na creación dunha ferramenta destinada a favorecer ou acceder a información sobre concursos internacionais que o empresariado galego demanda e apoiar na presentación de ofertas competitivas no acceso a proxectos internacionais. A CEG conta coa experiencia necesaria para desenvolver con éxito este servizo, adquirida no pasado con ferramentas de parecido contido.

A actividade ten un compoñente de especialización moi destacado que impide ao IGAPE dispor dos perfís técnicos para desenvolver os proxectos antes indicados, así como a experiencia e a cualificación da CEG para a realización de deste sistema, xa demostrado no pasado, propician a necesidade de artellar unha colaboración entre ambos suxeitos, partindo da premisa de que non existe ánimo de lucro e de que os obxectivos deste instrumento non poden satisfacerse



axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela